

Xesús Veiga

Continuidade e cambios no 18-F

praza.gal, venres 23, febreiro 2024.

Coñecidos os resultados das eleccións do 18-F, non tivemos que asistir á confusa e interesada polémica que suscitou Feijoo e a dereita mediática despois do 23 de Xullo do ano pasado a respecto de quen gañara aqueles os comicios. Neste caso, non houbo marxe para as falacias argumentais: a forza mais votada o domingo no que rematou a semana do Entroido -o PP- posúe a maioría parlamentaria suficiente para ocupar o goberno da Xunta en solitario. Se o partido presidido por Rueda non tivera acadado a maioría absoluta, teríamos vivido unha campaña preventiva de deslexitimación da maioría alternativa conformada polos partidos que até ese momento conformaban a oposición na Cámara do Hórreo.

Hai dúas formas de analizar os resultados electorais. **Ou ben realizando unha comparativa coas cifras rexistradas no mes de Xullo de 2020 ou avaliando o sucedido en base ás expectativas manexadas polos diferentes actores participantes.** Se apostamos pola primeira das opcións, as conclusións son indiscutíbeis: o BNG é a única forza que incrementa substancialmente a súa presenza anterior (rachando os teitos acadados nos anos 1997 e 2020); o PP diminúe algo o tamaño da súa hexemonía; o PSdeG obtén o peor rexistro da súa historia; DO aparece no escenario parlamentar cunha cativa relevancia numérica que non lle proporciona capacidade decisoria e Sumar fracasa na súa pretensión de atopar un espazo propio aproveitando a súa presenza no goberno do Estado.

Tino Pertierra, **había "mais partido" que no 2020. O medre da participación electoral non foi suficiente porque non opera unha regra automática -como, trabucadamente, se manexou nalgunhas análises previas-que asegure o triunfo da oposición se hai unha menor abstención.** O PPdeG cometeu erros sorprendentes pero conseguiu neutralizalos mediante a máxima activación de todas as súas capacidades de influencia nas distintas estruturas de poder (económicas, sociais, mediáticas) e non tivo escrúpulos para utilizar métodos -anuncio de subas salariais ao persoal sanitario e de subsidios a mariscadores 48 horas antes da apertura das urnas- que violentaron obscenamente os criterios éticos esixíbeis nun sistema democrático de calidade. Aínda que non hai datos precisos -pendentes dos estudos postelectorais- **cabe pensar na concorrencia de dúas circunstancias adicionais favorecedoras dunha maior capacidade mobilizadora no electorado do PP: a presenza frecuente de Pedro Sánchez na campaña e os prognósticos moi maioritarios de que un eventual cambio de goberno sería encabezado polo BNG.** A xenreira e o medo presentes en sectores do universo social do PP puideron actuar como motores suplementares de activación da participación electoral.

No territorio da esquerda e do nacionalismo, o 18-F certificou o extraordinario éxito do BNG e o fracaso contundente do PSdeG e de Sumar. Nas históricas cifras acadadas polas candidaturas nacionalistas tivo un papel determinante o labor desenvolvido por Ana Pontón: as mensaxes emitidas e as formas utilizadas para a súa transmisión pretendían traspasar as liñas discursivas que limitaban o acceso a novos sectores sociais. En termos históricos, a dirixente nacionalista **encarnou unha creativa actualización das mellores prácticas xeradas nesa organización e, singularmente, do que representou no seu momento a chamada corrente *quintanista*.**

O PSdeG enfrontase a unha tarefa complicada. Deberá establecer un diagnóstico acaido das eivas estruturais que veu padecendo na última década cando compareceu como teórica alternativa para o goberno galego. Existen, como mínimo, dúas carencias que non pode descoñecer: **a febleza dunha oferta programática integral para Galiza e a falta de continuidade dun liderado minimamente solvente que proporcione credibilidade a semellante oferta e que non fiqu subordinado ás tentacións do cantonalismo municipal e/ou provincial.**

No caso de Sumar a principal incógnita radica na viabilidade futura -no ámbito da política institucional galega- dun espazo seriamente afectado por unha herdanza que transitou dende os éxitos de AGE e das Mareas ao posterior baleiro derivado das dinámicas autodestrutivas rexistradas nese universo.

A cita electoral deste inverno de 2024 ratificou un paradoxo que dura mais de 40 anos (dende os primeiros comicios ao Parlamento galego celebrados no Nadal de 1981): **o PP foi quen de conservar a hexemonía (agás nos períodos 1987/1989 e 2005/2009) nas institucións dun autogoberno que non formaba parte do seu ideario fundacional e que non quixo mellorar na súa dimensión competencial.** Noutros ámbitos institucionais (Parlamento estatal e concellos) non se ten rexistrado semellante nivel de continuidade no dominio político. Velaquí un reto fundamental para todas as persoas, entidades e forzas que acreditamos nas potencialidades do autogoberno.